


PERFILES DOS ADXUDICATARIOS DE VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para facer un perfil de adxudicatario de Vivenda de Promoción Pública o máis exacto posible, aportamos gráficas referentes a varios aspectos importantes analizados na poboación adxudicataria referidos tamén á poboación total do Concello; co fin de realizar análises comparativos dos datos extraídos das gráficas.

Segundo datos extraídos do INE referentes ó ano 2004 a poboación de Santiago de Compostela ascende a 92.298 habitantes.

A nacionalidade dos residentes en Santiago de Compostela se corresponde co seguinte gráfico.

Nº 1: Nacionalidade da poboación de Santiago de Compostela




Padrón municipal de habitantes. Estatística da poboación de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2004.

A pesar do que se poida pensar, en Santiago de Compostela están censados tan só 2.291 extranxeiros, que corresponde ó 2,5% do total da poboación. Hai outro 1,5% de inmigracións, que se corresponden con persoas procedentes doutras provincias pero con nacionalidade española.

Se comparamos este dato co da nacionalidade dos adxudicatarios de Vivendas de Promoción Pública, podemos observar que o 7% que aparece nesa gráfica é realmente moi significativo, dado que é moi superior ó da gráfica anterior.

Deste dato se deriva que a situación da poboación extranxeira residente en Santiago de Compostela é moi precaria.


Nº 2: Nacionalidade dos adxudicatarios de Vivendas de Promoción Pública



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Como se observa na gráfica o 93% dos adxudicatarios de vivenda son de nacionalidade española, existindo un 7% de adxudicatarios de outras nacionalidades como: Marrocos, Portugal, Filipinas e Arxentina e Ecuador.


Nº 3: Idade dos adxudicatarios de Vivendas de Promoción Pública



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.


O 76% de adxudicatarios son solicitantes de vivenda de idades comprendidas entre os 18 e os 50 anos onde un significativo 40 % de adxudicatarios son persoas de entre 36 e 50 anos, seguidos de adxudicatarios menores de 35 anos que suponen o 36%.

Nº 4: Estado civil dos residentes en Santiago de Compostela



Fonte: IGE; elaboración propia, 2001.

Nº 5: Estado civil dos adxudicatarios de Vivenda de Promoción Pública




Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Como se observa na gráfica referente á poboación de Santiago de Compostela a maioría dos habitantes son persoas solteiras (47%), aínda que está practicamente igualado coa cifra de persoas casadas (45%). Tendo en conta que as persoas separadas só suponen o 2% do total da poboación santiaguesa, hai que reseñar que no que respecta aos adxudicatarios de vivenda, as persoas nesta situación, ascenden ó 19%.


O 61% de adxudicatarios son parella, ben matrimonios, ou ben parella de feito. Esta maioría se corresponde co modelo extraído dos datos do I.G.E. referentes ao 2001.

Nº 6: Número de membros da unidade familiar da poboación galega



Fonte: IGE; elaboración propia, 2003.


Nº 7: Número de persoas por fogar en Galicia



Fonte: IGE; elaboración propia, 2003.


Según podemos observar na gráfica referente á Comunidade Autónoma, existe un 38% de parellas con fillos, seguidos de persoas solteiras (19%), e de parellas sen fillos (16%). Segundo o número de persoas por fogar a maioría teñen entre dous, tres e catro membros. Estes datos non coinciden cos extraídos da gráfica que fai referencia ao concello, xa que os fogares santiagueses a maioría teñen catro, tres ou máis persoas.

Nº 8: Número de persoas por fogar no Concello de Santiago de Compostela



Padrón municipal de habitantes. Estatística da poboación de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2004.

Nº 9: Nº de membros que forman a unidade de convivencia dos adxudicatarios de V.P.P.




Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Como podemos observar no gráfico a maioría de adxudicatarios de Vivendas de Promoción Pública son familias de 4 membros, que suponen o 36%, seguidas de unidades familiares de 2 ou 3 membros, que suponen o 34%. O 30% restante son familias de 5 ou máis membros. É significativo que ningunha persoa que viva soa sexa adxudicatario de vivenda.


Este gráfico coincide ca “familia tipo” dos habitantes de Santiago de Compostela, xa que hai un 38% de familias que corresponden a parella con fillos, e os números maioritarios de persoas no fogar é catro e tres respectivamente.

Nº 10: Menores de 25 anos que pertencen a unidade familiar dos adxudicatarios de V.P.P.



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.
Na maioría das familias adxudicatarias existen dous fillos menores de 25 anos (31%), seguidos das familias con un e con tres fillos menores de 25 anos (27% e 17% respectivamente). Por tanto con dous ou tres fillos temos o 48% de adxudicatarios, case a metade do solicitantes.


Nº 11: Número de membros da unidade familiar con certificado de minusvalía dos adxudicatarios de V.P.P.



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Segundo a gráfica mostrada, o 57% dos adxudicatarios non teñen ningún membro da unidade familiar con Certificado de Minusvalía. O 43% dos adxudicatarios si o presentan. Hai que salientar que supoñen o 10% as familias que contan con dous ou mais membros que presentan este certificado.


Nº 12: Tempo de residencia no Concello de Santiago de Compostela dos adxudicatarios de V.P.P.



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Como se aprecia na gráfica a gran maioría de adxudicatarios (87%) superan os 10 anos de residencia no Concello de Santiago.


Nº 13: Situación económica das familias residentes en Santiago de Compostela



Fonte: IGE; elaboración propia, 2003

A maioría das familias do concello teñen uns ingresos superiores a 18.000 € anuais, seguidos das familias de entre 9.475 e 18.000, que suponen o 40%. Tan só suponen un 18% os que non acadan 9.475 € o ano, que como é de esperar son o 83% dos adxudicatarios de Vivenda de Promoción Pública.


Nº 14: Situación económica das familias adxudicatarias de V.P.P.



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Segundo a gráfica un 83% das familias adxudicatarias non superan os 9.475.2 € anuais entre tódolos membros da mesma. Esta porcentaxe de familias adquirirán a vivenda en réxime de alugueiro, o 17% restante a adquirirán en réxime de compra.

Nº 15: Tipoloxía de ingresos na Comunidade Autónoma




Fonte: IGE; elaboración propia, 2003.

En Galicia existe unha maioría de persoas con ingresos procedentes do traballo (36%), aínda que tamén é moi alto tanto o número de persoas que teñen uns ingresos derivados do traballo e de prestacións ou de prestacións unicamente. Este dato é semellante ó da


fonte de ingresos dos adxudicatarios, xa que a maioría (22%) son unicamente pensionistas.

Nº 16: Fonte de ingresos dos adxudicatarios de Vivenda de Promoción Pública



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Nº 17: Réxime de tenza da vivenda da poboación de Santiago de Compostela




Fonte: IGE; elaboración propia, 2001.

É moi significativo o alto porcentaxe de persoas en Santiago que dispoñen dunha vivenda propia e pagada (44%), seguidos dun 17% daqueles que é propia pero que aínda


a están a pagar. Tendo en conta que a maioría da poboación santiaguesa, ten uns ingresos superiores aos 18.000 € anuais, é un dato que non chama moito a atención.

Nº 18: N° de cuartos nas vivendas da poboación de Santiago de Compostela



Fonte: IGE; elaboración propia, 2001.

Nº 19: Superficie das vivendas da poboación de Santiago de Compostela




Fonte: IGE; elaboración propia, 2001.

No que se refire ao tipo de vivenda da poboación do Concello, cabe resaltar que hai un 34% da mesma que habitan unha vivenda de 5 cuartos, seguido das de 6 ou máis cuartos. A superficie das mesmas é de entre 61 m² e 90 m² seguido das de máis de 91 m².

Podemos extraer da comparación destes datos cos dos conceptos de necesidade de vivenda que cumpren os adxudicatarios, que aínda que a maioría das vivendas son amplas e con bastantes cuartos, na maioría dos casos nos que se alegaba a circunstancia

de superficie insuficiente ou carencia de cuartos era pola convivencia de dúas unidades familiares, xa que, polo que podemos observar nas solicitudes é común que a familia conviva con ambos proxenitores ou con algún deles.

Nº 20: Conceptos de necesidade de vivenda dos adxudicatarios de V.P.P.



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Tal e como se mostra na gráfica o concepto maioritario de necesidade de vivenda é a superficie insuficiente da mesma en función ó número de persoas que a ocupan (26%) seguido, lóxicamente polo concepto de carencia de cuartos (20%) supoñendo estas situacións o 46% da totalidade de adxudicatarios de vivenda.

É significativo tamén o número de vivendas en mal estado que ascenden o 22%: por deficientes condicións de habitabilidade (12%) ou por chabolismo (10%).


O número de adxudicatarios que pagan un aluguer elevado en relación cos ingresos da unidade familiar tamén é moi significativo, ascende ó 13% .

Finalmente salientar que son un 11% os adxudicatarios que posúen unha vivenda inadaptada á situación de discapacidade.

Apenas son destacables as situacións de desahucio, expropiación e aloxamento provisional que non alcanzan o 4% do total de adxudicacións, ao igual que a porcentaxe de adxudicatarios que ocupan a vivenda en réxime de cesión en precario.

A modo de conclusión rematar afirmando que ningunha das persoas que solicitaron vivenda polos seguintes conceptos son adxudicatarios da mesma: para independizarse ou carecer de vivenda por ter perdido o seu uso como consecuencia de nulidade, separación ou divorcio.

Nº 21: Número de conceptos de necesidade de vivenda que cumpren os adxudicatarios de V.P.P.



Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

Como se aprecia na gráfica é sorprendente a porcentaxe de familias que cumpren dous conceptos de necesidade de vivenda puntuables (47%). Tamén é moi significativo o 22% de familias que teñen tres conceptos de necesidade de vivenda puntuables.

Por último mostramos unha taboa onde se reflexan as diferentes combinacións nos casos de existir máis de un concepto de necesidade de vivenda.

Nº 22: Conceptos de necesidade de vivenda

CONCEPTOS DE NECESIDADE DE VIVENDA	CHAVOLAS	DEFICIENTES CONDICIÓN	SUPERFICIE INSUFICIENTE	CARENCIA DE CUARTOS	INADECUACIÓN POR DISCAPACIDADE	ALOXAMENTOS PROVISIONAIS	CEDIDAS EN PRECARIO	DESAHUCIO	EXPROPIACIÓN	RENDA ELEVADA	PÉRDIDA DA VIVENDA POR SEPARACIÓN	INDEPENDIZARSE
CHAVOLAS	3											
DEFICIENTES CONDICIÓN		7										
SUPERFICIE INSUFICIENTE	9	12	8									
CARENCIA DE CUARTOS	2	2	19									
INADECUACIÓN POR DISCAPACIDADE	2	3		1	4							
ALOXAMENTOS PROVISIONAIS												
CEDIDAS EN PRECARIO	3		1	1		1						
DESAHUCIO								2				
EXPROPIACIÓN									1			
RENDA ELEVADA	2	2	1	2	6					2		
PÉRDIDA DA VIVENDA POR SEPARACIÓN												
INDEPENDIZARSE												

Fonte: Datos Oficina Vivenda Promoción Pública de Santiago de Compostela; elaboración propia, 2005.

CONCLUSIÓNS

En función a tódolos datos expostos nos gráficos anteriores se podería concluir dicindo que o perfil de adxudicatario/a de vivenda de promoción pública é o de unha familia formada por catro membros, de nacionalidade española e con máis de dez anos de residencia no Concello de Santiago de Compostela, onde o matrimonio ten entre 36 e 50 anos e os fillos son menores de 25 anos; con unha situación económica precaria (menos de 9475 €ó ano) e na que algún dos membros ten acreditado Certificado de Minusvalía ou enfermidade crónica.

A necesidade de vivenda nestas familias é evidente, xa que a maioría cumpren máis de un requisito valorable de situación de vivenda, existindo incluso familias que cumpren catro conceptos puntuables de necesidade de vivenda, sendo o maioritario o de superficie insuficiente por convivencia de dúas unidades familiares e o de carencia de cuartos suficientes para aloxar separadamente ós membros da unidade familiar excepto o matrimonio.

